

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAL. 004135 02.05.13 08:08

Á vista do escrito de don Julio Jorge Urbina, Director do Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as da titulación de Master Universitario en Historia Contemporánea, para a realización do Traballo Fin de Master, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Master Universitario en Historia Contemporánea, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE

Autorizar a realización de unha estadía do alumnado do Master Oficial en Historia Contemporánea nas instalacións do Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE).

Na medida na que a documentación do Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE), atopase na Biblioteca Concepción Arenal, unha parte das horas da estadía faranse no posto de consulta e investigación da Biblioteca.


A estadía realizarase conforme ao seguinte réxime:

- Durante o período non lectivo, as horas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de estadía.
- A estadía realizarase por un período comprendido entre el 1 al 30 de maio de 2013.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as estadias realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas estadias non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice estadias no Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as estadias serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica do Máster, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das estadias dos alumnos. Así mesmo, o Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) nomeará a Dra. Elena Pérez Carrillo, como titora deste centro que supervisará os traballos realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de estadía cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Centro de Estudos e Documentación Europeos (CEDE) emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas estadias unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2013

O REITOR



San José Casares Long

SR. DECANO DA FACULDADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA

D. JULIO JORGE URBINA- DIRECTOR DO CEDE

D. EMILIO FCO. GRANDIO SEOANE- COORDINADOR DO MASTER EN Hª CONTEMPORANEA

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA